


ISABEL GARCÍA-RODEJA GAYOSO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na súa sesión do vinte e cinco de marzo de dous mil dez, tomou o acordo polo que se establecen competencias susceptibles de recoñecemento para todas as titulacións de Grao da USC como competencias transversais informacionais, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a vinte e seis de marzo de dous mil dez, co Visto e Prace do Sr. Reitor.

O Reitor



Senén Barro Ameneiro



ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO POLO QUE SE ESTABLECEN COMPETENCIAS SUSCEPTIBLES DE RECOÑECEMENTO PARA TODAS AS TITULACIÓN DE GRAO DA USC COMO COMPETENCIAS TRANSVERSAIS INFORMACIONAIS

I.- O Real Decreto 1393/2007, no seu artigo 12.8, establece posibilidade, *de recoñecemento académico en créditos pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación*. Así mesmo, esta norma establece a posibilidade, no artigo 12.6, de establecer créditos transversais para todas as titulacións da USC.

II.- A Comisión de Titulacións do Claustro Universitario da USC na súa reunión de data 9 de abril de 2008, establecer as **Liñas xerais da USC para a elaboración das novas titulacións oficiais reguladas polo RD 1393/2007**, de conformidade co establecido no Real Decreto 1393/2007 de "*Ordenación de las Enseñanzas Universitarias Oficiales*", co documento "*Liñas Xerais para a implantación dos estudos de grao e posgrao*", aprobado polo pleno do Consello Galego de Universidades na súa reunión de 5 de novembro de 2007, así como na Programación Plurianual da USC.

Nestas liñas xerais indícase que "*Os planos de estudos establecerán o carácter dos créditos que os integren especificando se se trata de créditos correspondentes a (a) asignaturas de formación básica; (b) asignaturas obrigatorias; (c) asignaturas optativas; así como créditos por (d) actividades recollidas no artigo 12.8 do RD 1393/2007; (e) recoñecemento de competencias transversais da USC; (f) prácticas externas; (g) Traballo de Fin de Grao*" indicando que "*Os estudantes poderán obter ata un máximo de 12 créditos polo recoñecemento das actividades contempladas no artigo 12.8 do RD 1393/2007 e das competencias transversais da USC (...)*."

Por último, nas citadas Liñas xerais da USC se sinala: "*Considéranse competencias transversais para todas as titulacións de Grao da USC o coñecemento instrumental de (i) linguas estranxeiras; (ii) lingua galega, e (iii) tecnoloxías da información e da comunicación.*"

III.- O Acordo de Consello de Goberno de 4 de xullo de 2008 polo que se aprobou o sistema de recoñecemento de créditos do artigo 12.8 da LOU xa estableceu, no seu artigo 3 e anexo II, as competencias transversais para as linguas estranxeiras.

IV.- A Comisión Mixta da CRUE e TIC elaborou e presentou en abril de 2009 un documento denominado "*Competencias informáticas e informacionais en los estudios de grado*" no que se establecen as liñas e criterios para o recoñecemento de competencias informacionais nas titulacións de grao.

Este acordo vai dirixido a regular a competencias informacionais, quedando pendentes de regular as competencias informáticas e de lingua galega.

Por todo o anterior, o Consello de Goberno de 25 de marzo de 2010 acordou:

UNICO.- De conformidade coas liñas xerais da USC para as novas titulacións de Grao, recoñeceranse, para todas as titulacións de Grao, como competencias transversais informacionais os seguintes cursos ofertados dende a Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela, orientados ao alumnado das titulacións de grao en dous niveis:

- ❖ Básico (1º e 2º de grao) 1 crédito ECTS por cada 25 horas de traballo do estudante das que serán presenciais nas súas diferentes modalidades (expositiva, interactiva, práctica) ata un máximo de 10 horas
- ❖ Medio (3º e 4º de grao) 1 crédito ECTS (1 ECTS por cada 25 horas de traballo do estudante das que serán presenciais nas súas diferentes modalidades (expositiva, interactiva, práctica) ata un máximo de 10 horas

Os interesados e interesaras deberán superar os requisitos establecidos para os correspondentes cursos.

As directoras e directores deberán cubrir e formalizar a correspondente acta para o alumnado que supere o curso.

O alumnado deberá solicitar o seu recoñecemento e imputación polas Unidades de Xestión Académica, previo pago dos correspondentes prezos públicos.

ANEXO

CURSOS DE DESENVOLVEMENTO DE COMPETENCIAS INFORMACIONAIS

CURSOS DE COMPETENCIAS INFORMACIONAIS ORGANIZADOS POLA BUSC

1. Xustificación

O marco de reflexión creado arredor do novo Espazo Europeo de Educación Superior ofrécenos a oportunidade de definir conxuntamente os coñecementos e as competencias que os estudantes universitarios deben adquirir. Son moitos os estudos que apuntan a que o éxito deste novo modelo de aprendizaxe require do alumnado a adquisición de competencias en información, é dicir, que a/o estudante sexa capaz de localizar, organizar, avaliar, utilizar e comunicar eficazmente información.

A responsabilidade de integrar estas competencias no itinerario educativo recae na propia universidade, e supón a idea de levar a biblioteca á aula e de estreitar o vínculo da docencia cos recursos de información.

Se desenvolver a aprendizaxe ao longo da vida dos estudantes constitúe un dos obxectivos principais das institucións de educación superior, a alfabetización informacional convértese pois nunha das chaves dentro deste proceso de aprendizaxe. Nestas circunstancias, as/os universitarios deben incorporar esta competencia para aprender a interaccionar e xestionar a información con eficacia tanto no ámbito académico como no laboral e incorporala o seu proceso de estudo como ferramenta necesaria para o traballo de aprender.

En virtude de todo o anterior, a meta desta proposta que fai a BUSC é conseguir que a oferta educativa e a capacitación en alfabetización informacional que lle podemos ofrecer ao alumnado dos novos graos poidan dar axeitada resposta a esta sociedade en permanente transformación.

2. Cursos de competencias informacionais en oferta xeral organizados pola Biblioteca da USC (con recoñecemento de créditos ECTS)

Cursos ofertados dende a BUSC orientados ó alumnado das novas titulacións de grao en dous niveis.

- ❖ Básico (1º e 2º de grao) 1 ECTS por cada 25 horas de traballo do estudante das que serán presenciais nas súas diferentes modalidades (expositiva, interactiva, práctica) ata un máximo de 10 horas
- ❖ Medio (3º e 4º de grao) 1 ECTS por cada 25 horas de traballo do estudante das que serán presenciais nas súas diferentes modalidades (expositiva, interactiva, práctica) ata un máximo de 10 horas

3.1 Planificación do desenvolvemento da competencia : documento marco

Definición da competencia

A Alfabetización informacional é una competencia que engloba os procesos de coñecer, identificar, buscar, avaliar, organizar e utilizar a información de xeito eficaz para abordar un problema ou tema en cuestión alentando o pensamento crítico e reflexivo.

3.1.2 Obxectivos xerais

- Que o alumnado chegue a adquirir as habilidades e destrezas para planear unha busca de información, localizar, seleccionar, analizar e construír novos coñecementos de forma autónoma, construtiva e ética de acordo coas súas necesidades ou problemas informacionais.
- Que o alumnado asuma que saber xestionar información é unha practica que debe completar o seu proceso de formación na universidade, que lle facilita o estudo e a realización de traballos académicos con metodoloxía científica e que ten que constituír unha práctica transferible a todo o seu traballo formativo, investigador, profesional e cotiá.

3.1.3 Programa

O programa basearase no estándar anglosaxón *Information skills in higher education: A SCONUL position* (Aptitudes para o acceso e uso da información no ensino superior: a postura de SCONUL) elaborado pola axencia inglesa de bibliotecas universitarias, semellante os modelos propostos pola ACRL (Association of College and Research Libraries) e CAUL (Council of Australian University Librarians). O programa contén sete paires de aprendizaxe

1. Recoñecer unha necesidade de información
2. Determinar o alcance da información necesitada
3. Construír estratexias para localizar información
4. Localizar e acceder á información
5. Comparar e avaliar a información obtida nas distintas fontes
6. Organizar, aplicar e comunicar a información a outros de xeito apropiado
7. Sintetizar e construír partindo da información existente un novo coñecemento de acordo cos principios éticos e legais recoñecidos.

Este programa pódese desenvolver nos dous niveis propostos variando o grao de dificultade, a especificidade temática e as fontes e información

3.1.4 Obxectivos específicos por niveis académicos (criterios de calidade)

| Obxectivos | Nivel básico | Nivel medio |
|------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Elaboración da pregunta de investigación | Recoñece a necesidade de atopar información para cubrir as lagoas do seu coñecemento, comeza a comprender o valor de atopar información para apoiar as súas ideas propias e opinións | Recoñece o valor de utilizar a información para fortalecer os seus argumentos propios e centra as súas preguntas de investigación |
| Acceso as fontes de información | Entende que hai distintos recursos de información e pode buscar en varios para atopar a información que necesita | Identifica o recurso mais apropiado a súa necesidade e desenvolve unha busca efectiva utilizando as estratexias axeitadas para cada recurso |
| Avaliación dos recursos | Revisa á información recuperada, avalía a fiabilidade de cada recurso e valora se a cantidade de documentos obtidos é suficiente para facer o seu traballo académico | Revisa a información recuperada, avalía a súa fiabilidade, modifica estratexias de busca para garantir que a información é suficiente para facer o seu traballo de investigación |
| Avaliación de contidos | Examina e compara a información das diversas fontes, determina a exactitude e fiabilidade, identifica os elementos esenciais da información e manifesta acordo ou desacordo con ela. | Analiza a información e avalía o punto de vista, atopa contradicións e compara a nova información cos coñecementos previos, saca conclusións baseadas na información obtida e desenvolve una resposta crítica |
| Uso da información para propósitos específicos | Organiza os contidos desenvolve o tema e o comunica de xeito convincente, citando a bibliografía utilizada e usando o estilo apropiado | Organiza de xeito eficaz o contido de acordo ao produto que necesita elaborar e utiliza o estilo de citación que mellor se adapta á súa disciplina |
| Entendemento das cuestións que afectan á | Entende que é o plaxio e non o utiliza, usa axeitadamente | Coñece os dereitos de autor, entende cuestións de privacidade, de |

| | | |
|-----------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------|
| utilización da información respecto a criterios éticos e legais | algún dos modelos de citación establecidos | seguridade da información, de censura e liberdade de expresión. |
|-----------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------|

3.1.5 Contidos

Os contidos axustaranse aos obxectivos do programa e aos dous niveis establecidos:

Nivel básico: contidos básicos e comúns a todas as áreas de coñecemento

- ✚ Que significa ter competencias en información
- ✚ A biblioteca como fonte de información e aprendizaxe: a Web da BUSC
- ✚ Como afrontar un tema para un traballo académico
- ✚ Termos de busca: descritores e estratexias
- ✚ Tipoloxía documental e fontes de referencia
- ✚ Fontes documentais: Catálogo BUSC, base de datos de DIALNET e recursos na Internet: uso de Google
- ✚ Criterios de avaliación da información e metodoloxía de análise
- ✚ Como organizar a información para redactar un tema evitando o plaxio e utilizando normas de citación establecidas.

Nivel medio: contidos específicos por área de coñecemento

- ✚ Coñecementos previos dun tema, representación en mapas conceptuais ou índices
- ✚ Conceptos, descritores e estratexias
- ✚ Identificación de fontes de información especializadas
- ✚ Fontes documentais específicas por área de coñecemento e avaliación
- ✚ Avaliación da información seleccionada : relevancia e pertinencia e metodoloxía de análise
- ✚ Como organizar a información e explicitar un coñecemento documentándoo e utilizando modelos de citación normalizados.

As actividades estarán deseñadas segundo os contidos propostos e orientadas aos obxectivos do programa.

3.1.6 Metodoloxía

Estes cursos ofértanse, en principio, con carácter presencial aínda que non se descarta a utilización dalgunha plataforma de aprendizaxe do Campus virtual e ferramentas tecnosociais para fomentar os multialfabetismos que contribúan a potenciar as capacidades intelectuais do alumnado.

3.1.7 Recursos humanos

Estes cursos estarán impartidos por persoal formador da BUSC

3.1.8 Recursos materiais

Aulas de informática e formación

3.1.9 Avaliación

A) Cuestionario de avaliación inicial de competencias

En primeiro lugar, a BUSC propónse deseñar un modelo de instrumento de medida para avaliar o nivel de competencia inicial dos alumnos/as ou, de ser o caso, utilizar algún dos que xa están validados noutras universidades

B) Avaliación final

Esta avaliación basearíase no control dos informes de actividade de cada alumno, na participación activa, na realización das prácticas programadas e na entrega do portafolio de aprendizaxe durante o curso.

Cadro do perfil dun estudante competente en información

1. Pensa e planea as cuestións referentes ao seu traballo académico coa amplitude e profundidade apropiada o seu contexto.
2. Fai preguntas de aclaración e resolve dúbidas consultando fontes de referencia básicas.
3. Sabe comezar a buscar información, é consciente da ampla gama de fontes e pode distinguir os distintos tipos de recursos.
4. Está familiarizado coas coleccións de referencia importantes na súa disciplina e selecciona as máis apropiadas.

5. Leva a cabo buscas en bases de datos de xeito eficaz utilizando operadores e outras estratexias
6. Sabe como avaliar as fontes de información.
7. É capaz de seleccionar os puntos clave da información recuperada e facer un resume dos mesmos, en lugar de limitarse a repetir a información.
8. Entende que é o plaxio, sabe o que son os dereitos de autor e o uso ético da información.
9. Aprendeu a citar axeitadamente e a elaborar unha bibliografía.
10. Utiliza contidos de calidade seleccionados reflexivamente no contexto e nivel académico do estudante e a materia correspondente.
11. É capaz de desenvolver novas ideas baseadas no coñecemento previo e na nova información.
12. Recoñece que o conxunto de habilidades específicas da alfabetización informacional son transferibles e poden aplicarse o longo da vida profesional e persoal.

4. Acreditación

A responsabilidade última destas actividades recaerá na Dirección da BUSC ou no órgano específico en quen delegue e, no caso específico das actividades realizadas nos centros, o director/a de cada unha das bibliotecas sen prexuízo dos acordos concretos aos que se poda chegar cos equipos decanais en canto á incorporación destas actividades no contexto das diferentes titulacións.

Para a certificación dos créditos e a acreditación da competencia os/as directores dos cursos deberán cubrir e formalizar a correspondente acta para o alumnado que supere o curso, conforme os modelos que estableza a Secretaría Xeral.

Para que este recoñecemento teña efectos académicos no seu expediente, o/a alumno/a deberá aboar os prezos públicos que correspondan.